



Expediente núm.: 231/2025

Actividade: Nomeamentos

Procedemento: Nomeamentos

Asunto: Contratación de persoal laboral temporal ao abeiro da Bolsa de Emprego 2024 – 2025 (Substitución da persoa traballadora)

Categoría profesional: Auxiliar de axuda no fogar

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

ANTECEDENTES

1. A coordinadora dos Servizos Sociais do Concello emite informe con data 22.01.2025 sobre a necesidade de cobertura dunha baixa por incapacidade temporal por continxencias comúns, dunha traballadora do servizo de axuda no fogar.
2. A Providencia de Alcaldía de data 05.02.2025 dispón a necesidade de contratación, con carácter temporal, dun/ha (1) posto de traballo na categoría profesional de “Auxiliar de axuda no fogar”, ao abeiro da Selección de persoal laboral temporal e creación dunha Bolsa de emprego para os anos 2024 – 2025, e que dita contratación temporal ten por obxecto a cobertura dunha baixa por incapacidade temporal por continxencias comúns, cualificando o facultativo o proceso como “longo”.
3. O 05.02.2025 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre as condicións das contratacións laborais temporais que se derivan da cobertura da continxencia referida nos puntos anteriores.
4. O día 05.02.2025 o Departamento de persoal deste Concello, emite informe sobre o procedemento seguido para o chamamento dos/as aspirantes que figuran na quenda de reserva establecida pola orde de puntuación na Resolución de Alcaldía núm. 2025 – 0098 de data 31.01.2025.
5. A Resolución de Alcaldía núm. 2025 – 0098 de data 31.01.2025, establece o que copiado literalmente di:
“Sexto.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2024 – 2025:

| | APELIDOS E NOME | DNI | PROBA LINGUA GALEGA | EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máx. 5 ptos) | FORMACIÓN (máx. 3 ptos.) | PROBA COÑECEMENTOS (Máx. 12 ptos) | TOTAL PUNTOS |
|---|--------------------------------|------------|----------------------------|--|---------------------------------|--|---------------------|
| 1 | Calvo Vidal, Nuria | 3*9***87R | - | 5 | 3 | 10 | 18 |
| 2 | Castro Forján, María Silvia | **99*1*4V | - | 5 | 3 | 9 | 17 |
| 3 | Domínguez González, Rosa María | ***972*3M | - | 4,5 | 3 | 9 | 16,5 |
| 4 | Vázquez García, Carmen | 4**55*1*G | - | 5 | 2,3 | 9 | 16,3 |
| 5 | Rodríguez Seoane, Beatriz | 3*9**83*B | - | 5 | 1,3 | 8 | 14,3 |
| 6 | Señor Pérez, María Sonia | **97*7*4Y | - | 0,1 | 1,6 | 9 | 10,7 |





| | | | | | | | |
|---|------------------------------------|-----------|------|-----|-----|---|------|
| 7 | Mira Rodríguez, Rosana | 4*4**07*H | - | 2,5 | 0 | 7 | 9,5 |
| 8 | Santos Míguez, Lara | 7*0***12R | - | 0 | 0,8 | 7 | 7,8 |
| 9 | Trindade Nunes, Joice Aparecida | **63*7*9B | Apta | 1,1 | 1 | 8 | 10,1 |

Así mesmo, informaráselle sobre o tratamento dos seus datos persoais e do compromiso de confidencialidade con ocasión da relación que se establece co Concello.”

Vistos os Informes emitidos pola coordinadora dos Servizos Sociais do Concello e o Departamento de Persoal en relación coa necesidade e urxencia de cubrir un (1) posto de traballo na categoría profesional de “auxiliar de axuda no fogar”, mediante o chamamento de aspirantes da bolsa de emprego xurdida ao abeiro da selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2024-2025, e de conformidade co establecido no artigo 21.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime Local; o artigo 136 do Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local

RESOLVO

Primeiro.- Aceptar a renuncia ao chamamento pola orde da quenda de reserva establecida (segundo a orde de puntuación obtida) na Resolución de Alcaldía núm. 2025 – 0098 de data 31.01.2025, dos/as seguintes aspirantes:

- Nuria Calvo Vidal, con DNI núm. (3*9***87R)

Segundo.- Proceder á contratación para o posto de traballo de “auxiliar de axuda no fogar”, do/a aspirante proposto polo Tribunal Cualificador e que figuran na quenda de reserva establecida na Resolución de Alcaldía núm. 2025 – 0098 de data 31.01.2025 por orde de puntuación:

- ✓ Castro Forján, María Silvia (**99*1*4V)

Terceiro.- Contratar ó/a antedito/a aspirante con data de inicio do contrato o 06 de febreiro de 2025, indicando que a dita contratación temporal deberá cubrir exclusivamente o tempo que dure a contingencia que deriva do parte de baixa por incapacidade temporal da traballadora do servizo de axuda no fogar.

Cuarto.- Formalizar o contrato de traballo con carácter de persoal laboral temporal (grupo V), en réxime de dedicación a tempo completo, atendendo ao disposto no artigo 2 das Bases de selección de persoal laboral e creación dunha Bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais para os anos 2024 – 2025, aprobadas por Resolución de Alcaldía núm. 2024 – 0448 de data 03.06.2024, e posteriormente publicadas no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal deste Concello <http://concellopereiro.sedelectronica.gal>, e na páxina web do Concello (www.concellopereiro.com), con data 04.06.2024. Modalidades de contratación recollidas no Real Decreto – lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, e no artigo 15 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

A modalidade de contratación a empregar é o contrato temporal para substitución de persoa traballadora – “Interinidade” (410).

Quinto.- Os custos salariais e demais condicións da dita contratación serán os que se detallan a continuación:

- Contrato de duración determinada por substitución da persoa traballadora con dereito a reserva do posto de traballo:

| CATEGORÍA | Auxiliar de axuda no fogar |
|--|--|
| Nº traballadores/as | 1 |
| Aplicación orzamentaria | 231.131.12. |
| Tipo de contrato | Contrato de duración determinada por substitución da persoa traballadora |
| Xornada | 100,00% |
| CNAE - Ocupación | 8411 |
| Retribucións brutas / Mes por traballador / a | 1.422,01 € |
| S.S. Empresa / Mes por traballador / a | 457,89 € |
| CUSTE TOTAL MENSUAL POR TRABALLADOR / A | 1.879,90 € |
| CUSTE TOTAL MENSUAL | 1.879,90 € |

(1) Incluída a parte proporcional das pagas extraordinarias e complementos salariais suxeitos a cotización mensual

Sexto.- Formalizado o contrato, comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo do dez días seguintes á súa concertación.

Sétimo.- Informar á representación legal dos/as traballadores/as, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Oitavo.- A quenda de reserva queda establecida pola seguinte orde de puntuación, se ben irase actualizando conforme ao disposto nas Bases que rexerán a selección de persoal laboral temporal, por concurso – oposición, e creación dunha bolsa de emprego no concello do Pereiro de Aguiar para os exercicios 2024 – 2025:

| | APELIDOS E NOME | DNI | PROBA LINGUA GALEGA | EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máx. 5 pts) | FORMACIÓN (máx. 3 pts.) | PROBA COÑECEMENTOS (Máx. 12 pts) | TOTAL PUNTOS |
|---|---------------------------------|-----------|---------------------|--------------------------------------|-------------------------|----------------------------------|--------------|
| 1 | Calvo Vidal, Nuria | 3*9***87R | - | 5 | 3 | 10 | 18 |
| 2 | Domínguez González, Rosa María | ***972*3M | - | 4,5 | 3 | 9 | 16,5 |
| 3 | Vázquez García, Carmen | 4**55*1*G | - | 5 | 2,3 | 9 | 16,3 |
| 4 | Rodríguez Seoane, Beatriz | 3*9**83*B | - | 5 | 1,3 | 8 | 14,3 |
| 5 | Señor Pérez, María Sonia | **97*7*4Y | - | 0,1 | 1,6 | 9 | 10,7 |
| 6 | Mira Rodríguez, Rosana | 4*4**07*H | - | 2,5 | 0 | 7 | 9,5 |
| 7 | Santos Míguez, Lara | 7*0***12R | - | 0 | 0,8 | 7 | 7,8 |
| 8 | Trindade Nunes, Joice Aparecida | **63*7*9B | Apta | 1,1 | 1 | 8 | 10,1 |





CONCELLO O PEREIRO DE AGUIAR

Noveno.- Publicar a presente Resolución na sede electrónica deste Concello do Pereiro de Aguiar [<http://concellopereiro.sedelectronica.gal>] e na súa páxina web (www.concellopereiro.com).

Décimo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno do Concello e (no seu caso) á Xunta de Goberno Local, na primeira sesión que celebren.

Décimo primeiro.- Contra a presente Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderán os interesados interpoñer, alternativamente, ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á recepción desta notificación, ante a Alcaldía deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas - LPACAP-, ou recurso contencioso - administrativo, ante os Xulgados do Contencioso - Administrativo de Ourense no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á recepción da presente notificación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso - Administrativa. Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso - administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Así mesmo, poderá exercitar calquera outro recurso que considere pertinente.

Así o acorda o Sr. Alcalde, D. Luís Menor Pérez, no Pereiro de Aguiar; do que como Secretario – Interventor dou fe ó exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

O Alcalde,
Luís Menor Pérez

O Secretario – Interventor,
Alejandro Martínez Sánchez

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE

